

**ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:



**ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS**

Na data da sinatura electrónica

**INTERVEÑEN**

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

**EXPOÑEN**

I.- Que con data de 05 de abril de 2022 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMA, indica que:

*“O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.*



*No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.”*

**III.-** Que a cláusula NOVENA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

**IV.-** Que o día 24 de novembro de 2023 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización das actuacións previstas no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula DÉCIMA, isto é, o 31/12/2023, dado o retraso na planificación prevista para a execución da obra, por mor da ocupación da vía pública con andamios e acopios de edificios situados na praza, así como ás chuvias producidas dende mediados de outubro, polo que se acorda por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio, establecendo como prazo de **execución e finalización** da obra a data límite do **31/10/2024**, e fixando como prazo de **xustificación** ata o **31/12/2024**, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real das obras.

**V.-** Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da praza de Barcelos” conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS”, ampliándose o prazo de **execución e finalización** do investimento ata o día **31/10/2024** e o prazo para a súa **xustificación** ata o día **31/12/2024**.

**SEGUNDA.-** En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 05 de abril de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.



E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

Pola Deputación Provincial

O presidente,

Luis López Diéguez

O secretario,

Carlos Cuadrado Romay

Polo Concello de Pontevedra

O alcalde,

Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario,

José Carlos Castiñeira Piñeiro

